A Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela, na sesión ordinaria que tivo lugar o día 06 de outubro de 2017 adoptou o seguinte acordo:

**NÚMERO 10 .- PROPOSTA DA CONCELLEIRA DELEGADA DE MOCIDADE, DEPORTE, MERCADOS E BENESTAR ANIMAL RELATIVA Á ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE "OBRAS DE REFORMA DO PAVILLÓN MUNICIPAL DE APÓSTOLO SANTIAGO".**

Dáse conta á Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de Compostela da proposta, de data 21 de setembro de 2017, da concelleira delegada de Mocidade, Deporte, Mercados e Benestar Animal. Así mesmo, do informe favorable de Intervención, número 2017/719 de data 2.10.17.

A devandita proposta é do seguinte teor literal:

"**Noa Morales Sánchez**, concelleira delegada de Mocidade, Deporte, Mercados e Benestar Animal, e presidente da mesa de contratación da licitación *"Obras de Reforma do pavillón municipal de Apóstolo Santiago"*, conforme os termos establecidos no artigo 320 do Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas aprobado por RD Lexislativo 3/2011 de 14 de novembro, en relación co art.. 22 do RD 817/2009 de 8 de maio, e en virtude das competencias delegadas por decreto de Alcaldía do 28/06/2017.

**EXPÓN:**

Primeiro: Con data 3-agosto-2017 celébrase a mesa de contratación na que se acorda que a oferta máis vantaxosa das presentadas e a do licitador, *VIPECA OBRAS Y SERVICIOS S.L., CIF: B32191116*.

Segundo: Finalmente, con data 31-agosto-2017 celébrase a mesa de contratación na que se procede ao análise da documentación aportada polo licitador proposto, considerando os membros da mesma que queda suficientemente acreditado o cumprimento dos distintos requirimentos.

En consecuencia e conforme ao acordado nas correspondentes mesas de contratación, esta concellería procede a realizar a seguinte:

**PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO**

**PRIMEIRO:** Rexeitar a oferta presentada pola empresa IAM RUMBO INSTALACIONES Y OBRAS SL, por non xustificar debidamente a consideración das súas condicións económicas como valores anormais ou desproporcionados

**SEGUNDO:** Adxudicar o contrato de referencia a favor de, *VIPECA OBRAS Y SERVICIOS S.L., CIF: B32191116*, por un importe de **171.717,00** euros (IVE aparte 21%: 36.060,57 euros), ó ser a máis vantaxosa das presentadas.

Designase como técnico municipal director-responsable do contrato a D. Diego Briega Argomániz, arquitecto do servizo de obrase proxectos.

O gasto financiarase con cargo á aplicación orzamentaria **090 34200 63200**, reservándose as cantidades seguintes en función das respectivas anualidades e condicionado, non obstante, á súa inclusión nos correspondentes exercicios orzamentarios:

Anualidade 2017: 155.000 euros IVE incluído.
Anualidade 2018: 52.777,57 euros IVE incluído."

**Informados/as os/as concelleiros/as, a Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela acorda por unanimidade dos seus membros presentes:**

**PRIMEIRO:** Rexeitar a oferta presentada pola empresa IAM RUMBO INSTALACIONES Y OBRAS SL, por non xustificar debidamente a consideración das súas condicións económicas como valores anormais ou desproporcionados

**SEGUNDO:** Adxudicar o contrato de "*Obras de Reforma do pavillón municipal de Apóstolo Santiago*" a favor de *VIPECA OBRAS Y SERVICIOS S.L., CIF: B32191116*, por un importe de **171.717,00** euros, (IVE aparte 21%: 36.060,57 euros), ao ser a máis vantaxosa das presentadas.

Designase como técnico municipal director-responsable do contrato a D. Diego Briega Argomániz, arquitecto do servizo de obrase proxectos.

O gasto financiarase con cargo á aplicación orzamentaria **090 34200 63200**, reservándose as cantidades seguintes en función das respectivas anualidades e condicionado, non obstante, á súa inclusión nos correspondentes exercicios orzamentarios:

Anualidade 2017: 155.000 euros, IVE incluído.
Anualidade 2018: 52.777,57 euros, IVE incluído.

**O CONCELLEIRO SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO DA CIDADE DE SANTIAGO**

SECRETARÍA
CONCELLO DE SANTIAGO

**Asdo:Xan Xesús Duro Fernández**